

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 4 de novembro de 2022 (DOG núm. 216 de 14 de novembro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocados pola Orde do 21 de setembro de 2022 (DOG núm. 190 do 05/10/2022)

En sesión que tivo lugar o día 23 de novembro de 2022, o tribunal designado pola Resolución do 4 de novembro de 2022 (DOG núm. 216 de 14 de novembro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocados pola Orde do 21 de setembro de 2022 (DOG núm. 216 do 14/11/2022)

ACORDOU:

1. Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 23 de novembro de 2022.
2. O primeiro exercicio do proceso de acceso por promoción interna levarase a cabo o día 13 de decembro de 2022 na Aula 5 da Academia Galega de Seguridade Pública, en chamamento único que se iniciará ás 10:30 horas

- O primeiro exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos tipo test con 120 preguntas e catro respostas alternativas, sendo unha soa a correcta.

Este Tribunal acordou incluír no cuestionario, tal e como establece a convocatoria, un total de 10 preguntas de reserva, que só se terán en conta, pola orde na que están formuladas, no suposto que se anule algunha das preguntas da proba de coñecementos. No caso de que se produza a dita anulación dalgunha pregunta, as preguntas de reserva que substitúan as preguntas anuladas teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.

- A proba terá unha duración de 120 minutos, e non se concederá tempo a maiores.

- Para a corrección deste exercicio terase en conta a normativa en vigor na data da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

- As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal, lapis e bolígrafo azul.

- Non se permitirá a presenza de acompañantes e o persoal aspirante deberá seguir as indicacións e resolucións do tribunal, que son públicas a través da páxina web da Agasp.

- Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

- Os aspirantes que rematen o seu exercicio antes do tempo establecido poderán abandonar o lugar de realización da proba sempre que tivesen transcorridos 30 minutos desde o inicio da proba.

3. Tódalas persoas aspirantes están exentas da realización do segundo exercicio do proceso, que consiste na proba de coñecementos da lingua galega.

4. A terceira proba do proceso, consistente na resolución dun caso práctico determinado polo tribunal e a súa posterior lectura ante o tribunal terán lugar o día 23 de decembro de 2022 na sede da Agasp

5. Segundo o establecido no punto 8.8 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Na Estrada, 23 de novembro de 2022.

A presidenta do tribunal

Paula Cajaraville Leiro

